



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

# REUNIÓN

DIRECCIÓN-COMITE 04/12/09

A Dirección, no día de hoxe, reuniunos para tratar:

## Calendario Laboral 2010

Infórmanos sobre o Calendario Laboral 2010 tendo en conta, tanto a previsión anual de 348.000 vehículos como as seguintes particularidades:

- *Flexibilidade.- Aplicación do documento onde entre outros contempla a apertura de quendas variables, que fora aprobado pola maioría do Comité (FSI, UGT) con carácter excepcional para o ano 2009.*
- *Fixar os 2 días que dispoñemos no Convenio como disfrute individual pasalos a colectivo ( 29 de Outubro e 2 de Novembro).*
- *Fraccionar as Vacacións, 3 semanas en Agosto (do 2 ó 22 )e o resto en Decembro (do 23 ó 31).*
- *Contemplan 8 días de Adecuación de xornada para todo o cadro de persoal e ademais para o persoal asinado o Sistema II 7 días a máis de inactividade.*
- *Confirmación mensual do calendario*

Por parte da **C.I.G.**, e con independencia do xa manifestado no seu día sobre o documento da flexibilidade horaria nas quendas de día, tres foron as manifestacións que lle fixemos chegar:


- Que o Calendario conte cunhas garantías no seu cumprimento.
- Que se teñan en conta o disfrute de 4 semanas continuadas de vacacións en Agosto.
- Que poidamos voltar a dispor, cando menos, dun día de Convenio para o seu disfrute individual.

A Dirección toma nota do exposto, e quedamos convocados a unha nova Reunión para o vindeiro Luns día 14 .

**Comentario.-** Tendo en conta que Auxiliares teñen dende hai 3 semanas un calendario provisorio facilitado por PSA que contempla 4 semanas de disfrute en agosto, ¿como nos presentan ó Comité un de 3 semanas? ¿quen está xogando coas cartas marcadas?.

Sobre o documento "Acordo sobre adaptación do Marco Laboral" ¿coñecemos os traballadores/as, neste caso do Sistema II o seu contido?.

**Convocatoria.-** *Para analizar todo o relacionado con esta proposta de Calendario Laboral 2010, convocamos unha Asemblea Xeral de afiliados/as a celebrar o sábado día 12 ás 11 30 nos locais da Central (Gregorio Espino 47). (entregarase documentación)*



## Varios:

A **C.I.G.** formula as seguintes preguntas:

**Retraso dos Autobuses.**- Cales foron os motivos polos que non se lles abonou a ausencia de algúns traballadores/as, ante o retraso no Bus da Liña 2 o pasado 22 de Setembro, tal e como se acordara nunha reunión anterior. A Dirección manifesta que, soamente se lle aboará a aqueles que dispuñan de tarxeta de transporte, é dicir, nestes casos a Dirección fai unha discriminación entre traballadores/as con independencia de compartir autobús.

**Concurso do Vending.**- En que situación se atopa o Concurso do departamento de Vending. A Dirección informa que se lle vai adxudicar á empresa que xa estaba, "URVINA", por tres anos máis.

**Reorganización Nave D.**- Ante a información facilitada o pasado día, 3, a **C.I.G.**, maniféstalle á Dirección que se informe sobre como se vai reorganizar o Taller, en canto os horarios, e os cambios das persoas, particularmente aqueles traballadores/as con limitacións. A Dirección comunícanos que se vai escomenzar precisamente por este colectivo, tendo en conta a Comisión de Limitados. Estando previsto que, para o mes de marzo esta Nave pase a 2 quendas de traballo, unha delas con flexibilidade horaria.

**Horario de Bocado.**- Tal e como coñeces, a **C.I.G.** xa formulara por escrito unha denuncia ante a Dirección polo cambio de horario en Talleres de Ferraxe. Nesta xuntanza outras voces se sumaron. A Dirección "sigue tomando nota". Para a **C.I.G.** de repetirse estes feitos, serán outras instancias as que teñan que tomar medidas.

**Novacións de Contratos .**- Tendo en conta que neste ano 2009 foron 300 os compañeiros que causaron baixa ( cun contrato de 8 Horas) polo ERE que veu substituír a Xubilación Parcial, manifestámoslle á Dirección que estas sexan cubertas no mesmo número coas Novacións de Contratos A Dirección fará unha valoración.

# Confederación Intersindical Galega

[www.cigcitroen.com](http://www.cigcitroen.com)